

# I. Disposicións xerais

## Consellería de Traballo e Benestar

### ORDE do 4 de setembro de 2013 pola que se regula o rexistro das actas de designación de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 29.1º atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, a competencia de execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, norma de carácter básico, define os delegados e delegadas de prevención como os e as representantes das persoas traballadoras, con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo, regulando no seu artigo 35 e na disposición adicional cuarta o mecanismo para a súa elección. Esta lei tamén regula o sistema de elección, competencias, funcións e garantías destes delegados e delegadas de prevención así como a súa participación nos comités de seguridade e saúde e as súas relacións coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Froito destes preceptos, mediante Orde do 4 de xaneiro de 2000 estableceuse o rexistro e depósito de actas de designación dos delegados e delegadas de prevención.

Á vista do establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso da cidadanía aos servizos públicos, e do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes así como na Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, resulta imprescindible adaptar o dito rexistro ás novas esixencias, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo os trámites ante o dito rexistro a través de medios telemáticos, facilitando así a comunicación entre a Administración e a sociedade.

Así mesmo, cumprindo co que se acordou no diálogo social, modifícase o rexistro no sentido de recoller a posibilidade de rexistrar de oficio como delegados e delegadas de prevención de riscos laborais as persoas elixidas como representantes das persoas traballadoras naquelas empresas nas que só se elixa unha persoa representante.

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar e, en virtude desta normativa, esta consellería é competente nas materias de emprego e relacións laborais e, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, correspóndelle, entre outras, a execución das competencias en materia laboral e de prevención de riscos laborais.

Polo exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e obtidos os informes preceptivos na tramitación, en uso das facultades que teño conferidas, de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. Obxecto

A presente orde ten por obxecto a regulación do rexistro das actas de designación dos delegados e das delegadas de prevención de riscos laborais da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Artigo 2. Natureza, adscrición e organización do rexistro

1. O rexistro das actas de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia ten carácter administrativo e público.

2. O dito rexistro está adscrito á consellería competente en materia de traballo, responsable da súa xestión, que asume as funcións de

coordinación e información e a aprobación das directrices comúns sobre procedemento de adscrición e xestión deste rexistro.

3. A xestión deste rexistro correspóndelle ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, sendo os órganos instructores os servizos de Traballo e Economía Social dependentes destas, a través das oficinas públicas de rexistro de representantes legais das persoas traballadoras.

##### Artigo 3. Finalidade e funcións do rexistro

1. A finalidade do rexistro é dar publicidade e acreditar as designacións dos delegados e delegadas de prevención de riscos laborais e a formación coa que contan as ditas persoas, así como a de depositar as actas polas que se levan a cabo as ditas designacións. En tal sentido, o rexistro terá por obxecto a inscrición dos datos relativos a:

- a) Os delegados e delegadas de prevención de riscos laborais que resulten designados nas empresas privadas e no ámbito das administracións públicas, nos termos establecidos no parágrafo 2 do artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- b) Os/as membros dos órganos específicos que, de ser o caso, substitúan os delegados ou delegadas de prevención e que fosen creados a través da negociación colectiva ou mediante os acordos aos que se refire o artigo 83.3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- c) Os/as membros dos órganos específicos que, de ser o caso, fosen creados no ámbito das administracións públicas, de acordo co disposto no parágrafo 4 do artigo 35 da Lei 31/1995.
- d) Os delegados e as delegadas de prevención que resulten designados/as nos supostos especiais recollidos na disposición adicional cuarta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. O rexistro terá as seguintes funcións:

- a) Inscibir os datos relativos aos delegados e delegadas de prevención de riscos laborais e as persoas membros dos órganos específicos a que se refire o punto 1 deste artigo, segundo os datos que constan na acta que figura como anexo II desta orde.
- b) Modificar os datos inscritos cando se produza unha variación destes.
- c) Emitir certificacións relativas aos datos inscritos, por instancia de quen acredite un interese lexítimo para facelo segundo o establecido no artigo 37.3 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedementos administrativo común.
- d) Subministrar información sobre os datos que figuren no rexistro á Inspección de Traballo e Seguridade Social e a aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que acrediten un interese lexítimo.
- e) Para os efectos desta orde, entenderase que teñen un interese lexítimo as persoas designadas, os representantes das persoas traballadoras e da empresa, así como as organizacións sindicais e empresariais.

##### Artigo 4. Procedemento

1. O trámite para proceder ao rexistro e depósito das actas de designación de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais será o seguinte:

- a) Efectuada a designación da persoa ou persoas delegadas de prevención de riscos laborais, as persoas designadas, persoalmente ou a través daquelas que as representen, ou a empresa, solicitarán

a inscrición das actas, previa ao seu depósito, á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia onde se producise tal designación, no prazo de 15 días hábiles desde a data da designación, conforme o modelo que figura no anexo I.

b) As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de comunicación normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

c) As actas, debidamente cubertas e asinadas, poderanse presentar electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada, segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

d) Poderase optar por presentar as solicitudes e as actas en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

e) No caso de que se envíen por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de remate do prazo de solicitude.

f) Se a solicitude non reunise os requisitos exixidos ou tivese datos incorrectos, requirirase a quen a presenta para que, no prazo de dez días hábiles, corrixa o que corresponda, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistida a súa petición, logo de resolución motivada.

g) Unha vez que estean correctas, as actas serán rexistradas e custodiadas nas oficinas públicas de rexistro das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar. O prazo máximo para proceder a este rexistro e depósito será dun mes desde a data de presentación da solicitude e, unha vez efectuado, comunicarse mediante escrito ás persoas que fixeron a dita presentación, no que figurará, cando menos, o nome e apelidos, así como o NIF ou NIE da persoa designada como delegada de prevención.

h) Segundo determina o artigo 35.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, nas empresas de ata 30 persoas traballadoras a persoa elixida como delegada de persoal será quen actúe como delegada de prevención. Nestes casos, o rexistro será realizado de oficio, pola oficina pública da xefatura

territorial respectiva da Consellería de Traballo e Benestar, sempre que as persoas que soliciten o rexistro das actas de eleccións sindicais faciliten os datos necesarios para completar a información destes/as delegados ou delegadas de prevención, segundo o que figura no punto 4 do anexo II desta orde.

2. Así mesmo, tamén se procederá, logo de solicitude, ao rexistro das substitucións, revogacións, dimisións, extincións de mandatos, variación dos datos inscritos ou calquera outro suposto previsto legal ou regulamentariamente que se produza na inscrición dos delegados e delegadas de prevención, cos mesmos prazos de presentación e rexistro e co mesmo procedemento ca no caso das novas inscricións.

#### **Artigo 5. Dereito de acceso e publicidade do rexistro**

1. Segundo o establecido na Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería, o órgano responsable dos ditos ficheiros é a Consellería de Traballo e Benestar, e a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos persoais previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como do previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, será a secretaría xeral técnica da consellería.

2. A expedición de certificacións e a consulta dos datos inscritos neste rexistro quedará limitada a aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que acrediten un interese lexítimo, nos termos previstos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### **Artigo 6. Comunicacions**

Para os efectos de seguimento e control do rexistro e depósito das actas de designación de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais, as persoas responsables do referido rexistro nas respectivas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar comunicarán ás inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social e ás áreas de seguridade e saúde laboral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) as incidencias que se produzan.

#### **Disposición derogatoria única**

Queda derogada a Orde do 4 de xaneiro de 2000 pola que se establece o rexistro e depósito das actas de designación dos delegados de prevención.

#### **Disposición derradeira primeira**

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

#### **Disposición derradeira segunda**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

*Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2013  
Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar*



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE TRABALLO**  
**E BENESTAR**

ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>REGISTRO E DEPÓSITO DAS ACTAS DE DESIGNACIÓN DE DELEGADOS E DELEGADAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>TR846A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

ENTIDADE  NIF

TIPO  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  PISO  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**E, na súa representación,**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)**

ENDEREZO  LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO

TELÉFONO  FAX  ENDEREZO ELECTRÓNICO

**EXPÓN:**

Que o centro de traballo (denominación ou razón social)

con enderezo  , designáron como delegados/as de prevención a/s seguinte/s persoa/s:

NIF/NIE	NOME	APELIDOS	SEXO	
			Home	Muller
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Achego a acta de elección de delegados/as de prevención, debidamente cuberta, para os efectos do seu rexistro e depósito.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**  
 Orde do 4 de setembro de 2013 pola que se regula o rexistro das actas de designación de delegados e delegadas de prevención de riscos laborais.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data  ,  de  de

Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

ANEXO II

ACTA DE ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN

Nº de acta	PROVINCIA	Nº de orde	Data da votación
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="radio"/> ALTA		<input type="radio"/> MODIFICACIÓN	

1. CENTRO DE TRABAJO/UNIDADE ELECTORAL

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO CONTA DE COTIZACIÓN (CCC)	Nº TOTAL DE TRABALLADORES/AS	Existe comité de seguridade e saúde
<input type="text"/>	HOMES: <input type="text"/> MULLERES: <input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON <input type="radio"/> NON APLICABLE
ACTIVIDADE ECONÓMICA DO CENTRO	CNAE-2009	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONVENIO COLECTIVO	CÓDIGO CONVENIO REGCON	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

2. DATOS DA EMPRESA (obrigatorio se é diferente do centro de traballo)

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO CONTA DE COTIZACIÓN (CCC)	Nº TOTAL DE TRABALLADORES/AS	Existe comité de seguridade e saúde
<input type="text"/>	HOMES: <input type="text"/> MULLERES: <input type="text"/>	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
ACTIVIDADE ECONÓMICA PRINCIPAL	CNAE-2009	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

3. MÉTODO E TIPO DE ELECCIÓN

Nº de delegados/as de prevención	<input type="text"/>
MÉTODO DE ELECCIÓN	TIPO DE ELECCIÓN
<input type="radio"/> Entre delegados/as ou membros do comité <input type="radio"/> Directo por traballadores/as (cando non hai representación disposición adicional 4ª da Lei 31/1995) <input type="radio"/> Convenio colectivo <input type="radio"/> Administración pública	<input type="radio"/> Nova <input type="radio"/> Renovación <input type="radio"/> Parcial Nº acta anterior <input type="text"/>



Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de

**4. DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN ELIXIDOS/AS**

NIF/NIE	NOME	APELIDOS	NIVEL DE FORMACIÓN			SEXO		NOME DA ORGANIZACIÓN	DATA	ANTIGÜID. (MESES)	VOTOS
			HORAS	BÁSICO	INTE RM.	SUPER.	Home				
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
							<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			

**5. DELEGADOS/AS DE PREVENCIÓN QUE DIMITEN OU CUXO MANDATO SE EXTINGUE OU REVOGA**

NIF/NIE	NOME	APELIDOS	SEXO	
			Home	Muller
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**6. DATOS DAS ÚLTIMAS ELECCIÓN SINDICAIS**

Nº de acta  PROVINCIA  Nº de orde  Data da votación

**7. OUTROS DATOS**

TIPO DE EMPRESA  Privada  Pública

TIPO DE ADMINISTRACIÓN  Local  Autonómica  Estatal

MODELO DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN

Asunción persoal empresario/a  Traballador/a designado/a

Servizo de prevención propio  Servizo de prevención alleo

Servizo de prevención mancomunado

Os abaixo asinantes certificamos a veracidade dos datos referidos á elección de delegados/as de prevención do mencionado centro de traballo.

Presidente/a do comité de empresa NOME E APELIDOS:

Delegado/a de persoal 1 NIF/NIE:

Presidente/a da mesa (adicional 4ª) SINATURA

---

Secretario/a do comité de empresa NOME E APELIDOS:


Delegado/a de persoal 2 NIF/NIE:

Secretario/a da mesa (adicional 4ª) SINATURA

Delegado/a de persoal 3 NOME E APELIDOS:

NIF/NIE:

SINATURA



Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar de